

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 10 DE MAIO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dez de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 3 de maio de 2022 e da sesión extraordinaria e urxente do día 5 de maio de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 3 de maio de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución número 2022/20764, do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes – Sección de Educación, Cultura e Deportes da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa F0206: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura en 2022. (Boletín Oficial da Provincia número 84, do 4 de maio de 2022).

Consta unha subvención concedida ao Concello de Cambre por importe de 15.000,00 euros, en concepto de "Mantemento do persoal técnico en xestión cultural".

- Anuncio do 11 de abril de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se notifican as resolucións de expedientes sancionadores por incumprimento das medidas de prevención e contención en materia sanitaria do Concello de Cambre (expediente SCOVIC/CAMBRE/0006 e dous máis). (Diario Oficial de Galicia número 86, do 4 de maio de 2022).

- Resolución número 2022/21400, do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego – Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa F0023B: Convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022. (Boletín Oficial da Provincia número 86, do 6 de maio de 2022).

Consta unha subvención concedida ao Concello de Cambre por importe de 7.603,78 euros, en concepto de "Servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque 18 xuño a 18 setembro 2022".

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de devolución da garantía complementaría á empresa Publiprinters Global S.L. adxudicataria do "Servizo de deseño e impresión de dossier informativo do taller de emprego PROXEDISPROWEB II (2020-2021), con opción de prórroga para dous exercicios máis (2021-22 e 2022-23". Expediente 2021/C004/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 03 de agosto de 2021, formalizouse mediante a sinatura da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle foi notificado, tratándose dun procedemento aberto simplificado abreviado, o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Publiprinters Global S.L. para o "Servizo de deseño e impresión de dossier informativo do taller de emprego PROXEDIS PROWEB II (2020- 2021), con opción de prórroga para dous exercicios máis (2021-22 y 2022-23). Expediente 2021/C004/000009.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía complementaria prestada mediante fianza, depositada na Tesourería municipal con data 16.07.2021 por importe de 39,58 euros con núm. de rexistro 1013.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido axente de desenvolvemento local, con data do 25 de abril de 2022.

Visto o informe de fiscalización favorable número 186/2022 emitido pola Intervención Municipal con data do 02 de maio de 2022.

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante

Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía complementaría por importe de 39,58 euros depositada pola entidade "Publiprinters Global S.L.", con CIF B23739493 e enderezo na Carpinteros parc. 12 nave C, 23740 Andújar (Jaén) no expediente número 2021/C004/000009, para o "Servizo de deseño e impresión de dossier informativo do taller de emprego PROXEDIS PROWEB II (2020- 2021), con opción de prórroga para dous exercicios máis (2021-22 y 2022-23)".

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa G.O.C.,S.A., adxudicataria do «Servizo de control de calidade para a asistencia técnica ao director da obra denominada "Rehabilitación e restauración do edificio destinado a equipamentos sociais: Casa da cultura", incluído no proxecto "ARUME", promovido polo Concello de Cambre e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea». Expediente 12/14-06 SERV

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que o contrato foi adxudicado mediante resolución de alcaldía núm. 850/2012, do día 08.06.2012, no prezo ofertado de 29.500,00 euros (IVE incluído), sendo formalizado con data 15.06.2012. Expediente 12/14-06 SERV

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval, depositado na Tesourería municipal con data 07.06.2012 por importe de 1.250,00 euros con núm. de rexistro 537.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo arquitecto municipal, con data 26/04/2022.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 02 de maio de 2022.

A teor do establecido nos arts. artigos 102 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 1.250,00 euros depositada pola entidade “G.O.C.,S.A.”, con CIF A32022535 e enderezo na rúa Director Canoa, nº-5 baixo, 36206, Vigo, no expediente número 12/14-06 SERV, para o “Servizo de control de calidade para a asistencia técnica ao director da obra denominada ‘Rehabilitación e restauración do edificio destinado a Equipamentos sociais: Casa da cultura’, incluído no proxecto ‘ARUME’ promovido polo Concello de Cambre e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.3. Anulación da contratación correspondente ao servizo de atención temperá no Concello de Cambre. Expediente: 2022/C004/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día dezasete de marzo de dous mil vinte e dous, por unanimidade dos sete concelleiros que asistiron á sesión, acordou:

“(…)

Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C004/000007 por procedemento aberto cun único criterio de adjudicación de apreciación automática (factor prezo) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- *Obxecto do contrato: Servizo de atención temperá no Concello de Cambre*
- *Orzamento base de licitación: 77.889,87 euros, IVE incluído*
- *Valor estimado: 164.574,04 euros*
- *Duración: 9 meses dende a súa formalización, podendo prorrogarse un ano máis*

En todo caso, a prórroga quedará condicionada á concesión da correspondente subvención. Isto, en aplicación do establecido nos artigos 131 e 156 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

(…)”.

Visto que con data de 18 de marzo de 2022 publícase o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, rematando o prazo de presentación de ofertas o pasado 4 de abril.

Visto que con data de 7 de abril a mesa de contratación designada no presente expediente acordou:

“Admitir as proposicións presentadas polas entidades que seguidamente se relacionan, ao achegar debidamente cuberto o modelo de “Documento Europeo Único de Contratación” (DEUC), así como a declaración responsable e o compromiso de adscrición de medios persoais e materiais esixido no apartado B) 1 e B).2 do Anexo II do PCAP:

- *María del Carmen Mayán Conesa*
- *Fundación Foltra”*

Igualmente, procedeuse ao descifrado e apertura electrónica dos arquivos ou sobres electrónicos C, formulándose proposta de adjudicación a prol da “Fundación Foltra”.

Visto que con data de 11 de abril rexístrase de entrada, ao número 20229000001038, recurso especial en materia de contratación interposto perante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia por dona María Olga Santos López, na súa condición de concelleira do Grupo Mixto do Concello de Cambre, contra os pregos da citada contratación.

Visto que con data de 13 de abril emítese informe ao respecto polo coordinador da área de Cultura e Educación.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental ao respecto con data do 19 de abril de 2022.

Vista a Resolución 87/2022, do 5 de maio, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, rexistrada de entrada neste Concello coa mesma data, ao número 20229000001294, que literalmente se transcribe a continuación:

“RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 5 de maio de 2022

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por dona MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ, na súa condición de concelleira, contra os pregos da contratación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre, expediente 2022/C004/000007 dese Concello, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Cambre convocouse a licitación do contrato descrito no encabezamento, cun valor estimado declarado de 174.574,04 euros.

Segundo.- O 08.04.2022 dona MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ, interpuxo recurso especial en materia de contratación.

Terceiro.- Tras a correspondente solicitude, recibíuse o expediente e informe ao que se refire o artigo 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP).

Tamén se trasladou o recurso aos interesados, presentándose alegacións pola FUNDACIÓN FOLTRA.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- En canto á lexitimación da recorrente, concelleira electa do Concello, debe serlle recoñecida de inicio consonte á doutrina deste TACGal na interpretación dos artigos 48 da LCSP, 63.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local e 209 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Como acabamos de salientar, resulta doutrina consolidada deste Tribunal o recoñecemento aos concelleiros da lexitimación para interpoñer este recurso en canto que a lexislación outórgalla fronte aos acordos adoptados polo concello respectivo, en tanto se acredite que o membro da corporación votara en contra da adopción do acordo impugnado, de conformidade co establecido no art. 63.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: “Junto a los sujetos legitimados en el régimen general del proceso contenciosoadministrativo podrán impugnar los actos y acuerdos de las entidades locales que

incurran en infracción del ordenamiento jurídico: b) Los miembros de las corporaciones que hubieran votado en contra de tales actos y acuerdos”.

Precisamente, o artigo 24.4 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro xa recolle que “4. Están legitimados para interponer recurso especial, de conformidade con lo dispuesto en el artículo 63 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, los miembros de las entidades locales que hubieran votado en contra de los actos y acuerdos impugnados”.

Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na súa Sentenza 173/2004, de 18 de outubro, esa lexitimación debe estenderse aos concelleiros que impugnan acordos adoptados por órganos municipais dos que non forman parte, na súa defensa do interese da propia Administración local á que representan: “existe una legitimación ex lege, que conviene concretamente, por razón del mandato representativo recibido de sus electores, a los miembros electivos de las correspondientes corporaciones locales para poder impugnar los actos o actuaciones de éstas que contradigan el Ordenamiento jurídico.

No se trata de una legitimación basada en un interés abstracto en la legalidad, sino de una legitimación directamente derivada de la condición de representante popular que ostentan, en cuanto ahora importa, los concejales de un Ayuntamiento y que se traduce en un interés concreto inclusive puede hablarse de una obligación- de controlar su correcto funcionamiento, como único medio, a su vez, de conseguir la satisfacción de las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal que, como primera competencia, asigna a los Municipios el art. 25.1 de la mencionada Ley reguladora de las bases del régimen local. Esta otra fuente o modalidad de título legitimador, expresamente utilizada por el recurrente en su escrito, independiente del derivado del régimen general -y por tanto no sujeto a la existencia de un interés caracterizado como una relación material unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión de la que resulta para aquél una ventaja o utilidad jurídica en sentido amplio (...) encaja claramente en un interpretación conjunta de los arts. 20 a) LJCA y 63.1 b) LBRL. «que el concejal, por su condición de miembro -no de órgano- del Ayuntamiento, que es, a su vez, el órgano de gobierno y administración del municipio y para el que es elegido “mediante sufragio universal, libre, directo y secreto” de los vecinos (art. 19.2 LBRL en relación con los arts. 176 y siguientes de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del régimen electoral general), está legitimado para impugnar la actuación de la corporación local a que pertenece, por el interés concreto que ostenta en el correcto funcionamiento de dicha corporación en virtud de su mandato representativo, a no ser que, tratándose del acto de un órgano colegiado, no hubiera votado en contra de su aprobación.”

En consecuencia, procede outorgarlle lexitimación á recorrente, en canto que o acordo formalmente impugnado foi adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello, da que esta concelleira non forma parte.

Cuarto.- En canto ao prazo de interposición do recurso, pola Fundación Foltra alégase a extemporaneidade do mesmo, aspecto que pasamos a analizar. Os pregos da licitación foron publicados o día 18.03.2022, polo que conforme ao establecido no artigo 50 LCSP o prazo de impugnación finalizou o 8.04.2022. A alegante sinala que o recurso presentouse o día 9.04.2022, polo que sería extemporáneo, pero iso non é correcto, pois o escrito de impugnación foi presentado no Rexistro electrónico do Ministerio de Facenda e Administración Pública o día 8.04.2022 ás 23:36:54 horas, tal e como consta no seu correspondente xustificante, e foi dirixido a este TACGal, polo que o recurso foi presentado dentro do prazo legal.

Para concluír este debate, sinalar que a recorrente adecuadamente presentou o día 9.04.2022 complemento do seu escrito de presentación, achegando o documento do recurso asinado

electronicamente por ela o día anterior -dentro do prazo de presentación-, pois a inicial presentación achegaba ese escrito sen sinatura e emendando motu proprio posibles defectos respecto á representación nesta impugnación.

Quinto.- Ao impugnarse os pregos da contratación dun servizo de valor estimado superior a 100.000 €, o recurso é admisible.

Sexto.- O primeiro dos motivos de recurso descansa en que dada a natureza do contrato non pode establecerse como criterio de adxudicación único o criterio prezo, o que supón unha infracción dos artigos 145.3, 145. 4 e a DA 48ª da LCSP.

O segundo parágrafo da letra g) do artigo 145.3 invocado establece o seguinte: “Nos contratos de servizos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñaría e arquitectura, e nos contratos de prestación de servizos sociais se fomentan a integración social de persoas desfavorecidas ou membros de grupos vulnerables entre as persoas asignadas á execución do contrato, promoven o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral ou cando se trate dos contratos de servizos sociais, sanitarios ou educativos a que se refire a disposición adicional cuadraxésimo oitava, ou de servizos intensivos en man de obra, o prezo non poderá ser o único factor determinante da adxudicación. Igualmente, no caso dos contratos de servizos de seguranza privada deberase aplicar máis dun criterio de adxudicación”.

Polo seu lado, o segundo parágrafo do artigo 145.4 da mesma Lei dispón: “Nos contratos de servizos do anexo IV, así como nos contratos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, os criterios relacionados coa calidade deberán representar, polo menos, o 51 por cento da puntuación asignable na valoración das ofertas, sen prexuízo do disposto no número 2.a) do artigo 146”.

O órgano de contratación no seu informe recoñece que dada a natureza do contrato en cuestión resulta aplicable o precepto transcrito, motivo polo que o recurso debe ser estimado neste aspecto, parecer que non pode senón ser compartido por este Tribunal ao cotexar que a cláusula 12 do PCAP dispón, como único criterio de adxudicación, o criterio prezo, o que non resulta consonte co reproducido, debendo engadirse ademais que de tratarse dos servizos indicados no anexo IV, debe igualmente aplicarse o sinalado no segundo dos parágrafos reproducidos mais arriba.

Sétimo.- Non pode compartirse o segundo dos motivos de recurso relativo a que o procedemento de licitación que debería terse seguido era o procedemento restrinxido en aplicación do artigo 131.2 da LCSP, toda vez que non se amosa que o contrato sexa ou deba ser cualificado -sobre a distinción entre contrato de servizos e a concesión de servizos pódese consultar a nosa Resolución 116/2019- como concesión de servizos a tenor do seu clausulado, suposto en que o artigo invocado esixe este procedemento restrinxido. Continuando coa seguinte das alegacións vertidas no recurso, e cinguíndonos ao establecido nelas, a recorrente considera que a esixencia dun local nos termos indicados no PPT supón unha modificación respecto do esixido na anterior licitación de mesmo contrato e non resulta esixible pola Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014- 2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento BS700A), e que carece de motivación que o xustifique.

Esta alegación tamén debe ser rexeitada en canto non existe a este respecto esa pretendida vinculación ao previamente establecido nun procedemento de licitación anterior, e sen que teña aquí relevancia o recollido na orde de subvención citada pola recorrente.

A doutrina dos Tribunais Administrativos de Recursos Contractuais é tamén nesa dirección, como a Resolución 10/2020 do Órgano Administrativo de Recursos Contractuais de Euskadi: "Como bien dice el poder adjudicador, un procedimiento de contratación es autónomo e independente del anterior o anteriores, aun cuando coincidan en objeto y sujetos (que no es exactamente el caso, puesto que existen licitadores diferentes y productos ofertados diferentes en la licitación anterior y la presente), de tal forma que actuaciones llevadas a cabo en una licitación anterior no pueden influir en otras futuras que se rigen por sus respectivos pliegos y demás documentos contractuales". Ou a Resolución 238/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía: "el precedente administrativo invocado por el recurrente, de existir, no vincula en la presente licitación ni hay que motivar el cambio de criterio..."

Por último, impúgnase o prazo de duración do contrato, de nove meses prorrogables por un ano, ao non terse en conta o disposto no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá e na DA 47ª que encomendan que este tipo de servizos goces dunha axeitada continuidade, e que tanto a anterior licitación coma a presente non a garantan debido aos curtos prazos dos contratos.

Tal e como observarse, e en canto ao xuízo revisor da legalidade que lle corresponde a este TACGal, trátanse de cuestións estas alleas a un concreto incumprimento do esixido nas regras da licitación, onde entran en liza aspectos de oportunidade e propios do ámbito de decisión da corporación local, polo que non cabe pronunciamento ao respecto. En definitiva, procede a estimación parcial do recurso presentado, coa anulación dos pregos da licitación segundo o establecido no fundamento sexto desta Resolución.

Ao afectar esta anulación a criterios de adxudicación isto implica, ao abeiro do recollido na S. TXUE de 4 de decembro de 2003, asunto c-488/01, a anulación do procedemento de adxudicación.

Recolle tal Sentenza TXUE: "La normativa comunitaria aplicable a los contratos públicos obliga a la entidad adjudicadora a cancelar la licitación cuando, en el marco del procedimiento de recurso con arreglo al artículo 1 de la Directiva 89/665/CEE del Consejo, de 21 de diciembre de 1989, relativa a la coordinación de las disposiciones legales, reglamentarias y administrativas referentes a la aplicación de los procedimientos de recurso en materia de adjudicación de los contratos públicos de suministros y de obras, se declare la ilegalidad de una decisión relativa a alguno de los criterios de adjudicación y, por tal motivo, dicha decisión sea anulada por el órgano que conoce del recurso."

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data,

RESOLVE:

1. Estimar parcialmente o recurso interposto por dona MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ, na súa condición de concelleira, contra os pregos da contratación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre, expediente 2022/C004/000007 – C dese Concello.

2. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución. Esta resolución, directamente executiva nos seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa".

Polo anterior, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución número 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Anular o procedemento de adxudicación correspondente ao expediente de contratación número 2022/C004/000007, aprobado mediante acordo deste órgano adoptado con data do 17 de marzo de 2022 e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- *Obxecto do contrato: Servizo de atención temperá no Concello de Cambre*
- *Orzamento base de licitación: 77.889,87 euros, IVE incluído*
- *Valor estimado: 164.574,04 euros*
- *Duración: 9 meses dende a súa formalización, podendo prorrogarse un ano máis*

Isto, de conformidade co artigo 57.2 *in fine* da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, Lei 9/2017), e coa Resolución 87/2022, do 5 de maio, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se estima parcialmente o recurso especial en materia de contratación interposto por dona María Olga Santos López, concelleira do Grupo Mixto do Concello de Cambre, contra os pregos da citada contratación.

Segundo: Notificar o presente acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co artigo 57.4 da Lei 9/2017.

Terceiro: Notificar á dona María Olga Santos López, concelleira do Grupo Mixto do Concello de Cambre, así como aos licitadores presentados no citado procedemento (María del Carmen Mayán Conesa e Fundación Foltra), facéndolles saber que este acordo é definitivo na vía administrativa e contra el cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Cuarto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei 9/2017.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 29 de abril ao día 5 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 724/2022 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 806/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
724/2022	29-04-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de maio de 2022



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

725/2022	29-04-2022	Expediente sancionador pola demolición da totalidade dunha vivenda unifamiliar en Altamira, Anceis. Propiedade: J.M.V.F. e N.M.V.R.
726/2022	29-04-2022	Reposición da legalidade urbanística para a revogación da licenza de actividade de café-bar sito na rúa Polígono, no Temple, ao non ter procedido o titular da actividade a adaptarse ao esixido pola Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído
727/2022	29-04-2022	Declaración da ineficacia da comunicación previa presentada por N.C.F. para a retirada dos pavimentos existentes en vivenda unifamiliar sita en Aían, Sigrás
728/2022	29-04-2022	Declaración de renuncia á licenza de construción de 11 vivendas unifamiliares no lugar da Telva. Promotor: Lar Coruña, S.L.
729/2022	29-04-2022	Resolución de nomeamento dunha técnica de integración social proxecto AMARÍ
730/2022	29-04-2022	Contratación de Baobab Teatro, S.L.; espectáculo "Ris Ras". Rede Cultural
731/2022	29-04-2022	Contratación de Alfredo Pérez Muíños; espectáculo "Divertimentos". Rede Cultural
732/2022	29-04-2022	Contratación de Xosé Avelino González; espectáculo "Contos de Contrabando". Rede Cultural
733/2022	29-04-2022	Concesión de licenza municipal a Discefa, SL, para a instalación dunha liña eléctrica subterránea de media tensión, un centro de seccionamento e un centro de transformación en nave sita na rúa Isaac Peral, polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre
734/2022	29-04-2022	Licenza de edificación para 10 vivendas pareadas no lugar da Telva – Sigrás. Promotor: Iamani Invest, S.L.
735/2022	29-04-2022	Proposta de anulación do expediente de xeración de crédito 3/2022
736/2022	29-04-2022	Reposición da legalidade urbanística en parcela sita en Lendoiro, Cambre. Propietario: Arcebispado de Santiago de Compostela
737/2022	29-04-2022	Contratación de Producións Teatrais Talía, S.L.; espectáculo "A Parábola de Angazo". Rede Cultural
738/2022	29-04-2022	Convenio de cooperación educativa entre a Universidade da Coruña (UDC) e a Fegamp para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do alumnado universitario da UDC nas entidades locais asociadas á Fegamp
739/2022	29-04-2022	Contratación da Asociación Cultural Agrupación Musical Santa Compañía; espectáculo "Charanga Festa para todos!". Rede Cultural
740/2022	29-04-2022	Xestión padroal dos meses de outubro a decembro de 2020
741/2022	29-04-2022	Reposición da legalidade urbanística por obras realizadas en Volteiro, Cecebre, consistentes na construción dun peche, un invernadoiro e reforma do baixo da vivenda existente. Propiedade: J.M.N.C. e A.G.V.
742/2022	02-05-2022	Contratación de Urdime S. Coop. Galega; espectáculos "Arrollos con Mamá Cabra", "Ghop!", "Cadernos de Cores" e "O Benquerer(se)". Rede Cultural
743/2022	02-05-2022	Contratación de Culturactiva S. Coop Galega; espectáculos "Os Monifates no camiño" e "Derriba da Lúa (Bebés)". Rede Cultural
744/2022	02-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a E.R.S.A. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
745/2022	02-05-2022	Multas de tráfico - 99500000025644 Acordos de inicio



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

746/2022	02-05-2022	Multas de tráfico - 99500000025554 Acordos de inicio
747/2022	02-05-2022	Multas de tráfico - 26928/2021 Resolución de primeiras alegacións
748/2022	02-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a M.P.V.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
749/2022	02-05-2022	Concesión de número de policía na Xira, Sigrás
750/2022	02-05-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 42.216,61 euros
751/2022	02-05-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 26.238,05 €
752/2022	02-05-2022	Concesión de licenza municipal a E.U.G. para desmontaxe de falsos teitos e do poliuretano existente na estrutura da cuberta e teito da cocheira, así como para a realización dunha cata na cheminea en edificación sita en Aían, Sigrás
753/2022	02-05-2022	Licenza de edificación para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Lendoiro – Cecebre. Promotor: J.M.B.G.
754/2022	02-05-2022	Licenza de edificación para construción dunha vivenda unifamiliar illada en Lendoiro - Cecebre . Promotora: A.M.A.R.
755/2022	02-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentos a N.P.S.O. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
756/2022	02-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a M.M.I.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
757/2022	02-05-2022	Concesión de número de vivenda a instancia de O.G.G.
758/2022	02-05-2022	Convenio entre a Cruz Vermella Española e o Concello de Cambre para desenvolver o programa de reparto de alimentos 2022.
759/2022	02-05-2022	Autorización para uso locais de ensaio musical
760/2022	03-05-2022	Devolución de ingresos indebidos por taxa de expedición de documentos
761/2022	03-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a P.P.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
762/2022	03-05-2022	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xaneiro de 2022..
763/2022	03-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a J.A.M.V. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
764/2022	03-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a M.M.P.V. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
765/2022	03-05-2022	Baixa no servizo de axuda no fogar de M.N.D
766/2022	03-05-2022	Baixa no servizo de axuda no fogar de I.V.A.
767/2022	03-05-2022	Baixa no servizo de axuda no fogar de I.L.P.
768/2022	03-05-2022	Baixa do servizo de axuda no fogar de A.G.B.
769/2022	03-05-2022	Baixa do servizo de axuda no fogar de C.B.G.
770/2022	03-05-2022	Alta en servizo de axuda no fogar de M.M.S.
771/2022	03-05-2022	Contratación de Redrum Producc S.L.; espectáculo "Un home con lentes de pasta". Rede Cultural
772/2022	03-05-2022	Alta no servizo de axuda no fogar de M.R.C.
773/2022	03-05-2022	Procedemento de devolución de pagos indebidos a SOLRED S.A
774/2022	03-05-2022	Alta no servizo de axuda no fogar de T.T.V.
775/2022	03-05-2022	Alta no servizo de axuda no fogar de J.M.A.R.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

776/2022	03-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a A.D.R.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
777/2022	03-05-2022	Contratación da Banda de Música Cultural de Teo; espectáculo "Música de Banda". Rede Cultural
778/2022	03-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a T.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
779/2022	03-05-2022	Denegación de axuda de emerxencia social alimentación a M.C.A. por non estar xustificada a situación de necesidade
780/2022	03-05-2022	Alta no servizo de axuda no fogar de L.G.M.
781/2022	03-05-2022	Baixa no servizo de axuda no fogar de T.T.V.
782/2022	03-05-2022	Alta no servizo de axuda no fogar de R.V.G.
783/2022	03-05-2022	Alta no servizo de axuda no fogar de A.P.V.
784/2022	03-05-2022	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2022.
785/2022	04-05-2022	Aprobación da xustificación e pago 2ª achega Convenio Concello de Cambre e a FFFF para o ano 2020
786/2022	04-05-2022	Corrección de erros materiais do acordo plenario de data 27 de xaneiro de 2022, de aprobación do POS+ 2022
787/2022	04-05-2022	Concesión de licenza de vao permanente a O.A.P. para o acceso a vivenda situada no lugar de Samosteiro, Cambre
788/2022	04-05-2022	Contratación da Coral Polifónica Santa Cecilia Coristanco; espectáculo "Coral". Rede Cultural
789/2022	05-05-2022	Renuncia a axuda de emerxencia social recibo de aluguer de E.R.S.
790/2022	05-05-2022	Autorización a dona M.O.S.L., en representación de Esquerda Unida, para ocupar un espazo público diante do centro de saúde do Temple, o día 5 de maio de 2022, co obxecto de realizar unha campaña informativa relativa á Sanidade.
791/2022	05-05-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 5 de maio de 2022
792/2022	05-05-2022	Multas de tráfico - 99500000025685 Acordos de inicio
793/2022	05-05-2022	Desprazamento de colectores de lixo en Castros do Bosque (Cecebre)
794/2022	05-05-2022	Denegación de axuda de emerxencia social audifonos a E.S.R. porque a axuda non constitúe unha solución axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada
795/2022	05-05-2022	Concesión axuda emerxencia social recibo auga a A.D.C.M.
796/2022	05-05-2022	Comparecencia no Xulgado do Social número 6 da Coruña, procedemento 226/2022 de C.O.P.V. contra a empresa Osventos Innovación en Servizos, S.L. e o Concello de Cambre.
797/2022	05-05-2022	Autorización de adhesión da Cervecería O Rodil ao programa Son de Bares
798/2022	05-05-2022	Denegación de axuda de emerxencia social recibo aluguer a D.N. porque non constitúe unha situación axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada
799/2022	05-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social recibo de auga a J.M.M.
800/2022	05-05-2022	Denegación de axuda de emerxencia social recibo auga a E.R.S.A. por non ser a titular do contrato de aluguer
801/2022	05-05-2022	Concesión axuda emerxencia social lentes correctoras a T.B.Q.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

802/2022	05-05-2022	Concesión de renovación de tarxeta de estacionamento a J.A.V.B.
803/2022	05-05-2022	Aprobación da actividade, desenvolvemento e orzamento da V romaría galaico romana Galaicoi 2022
804/2022	05-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola execución de obras diversas, sen título habilitante en Gamelas, Anceis. Titular: E.M.F.C. e M.D.L.B.
805/2022	05-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola execución de movementos de terras (recheos) en terreos sitios en Quintán, Cecebre. Titular: J.L.F.C.
806/2022	05-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola execución de movementos de terras (recheos) en terreos sitios en Quintán, Cecebre. Titular Herdeiros de J.M.M.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación do servizo de deseño e impresión de dossier informativo do obradoiro de emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-22, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2022-23 e 2023-24). Expediente. 2022/C004/000004
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000003, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000005, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Reordenación da rúa María Mariño", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000004, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Reordenación da contorna do parque infantil da r/ Francisco Rodríguez", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000002, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da Estrada Cambre-Temple e rúa Carballo", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000007, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Reforma integral da praza Fernando Buesa", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial (1ª Fase)

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A.- Proposta de adxudicación do servizo de deseño e impresión de dossier informativo do obradoiro de emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-22, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2022-23 e 2023-24). Expediente. 2022/C004/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/00004 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación de apreciación automática: factor prezo), do servizo de “Deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022, con opción de prórroga para dous obradoiros máis (2022-2023 e 2023-24)”, cun orzamento base de licitación de 2.200,00 euros sen IVE, 2.662,00 euros co 21% de IVE incluído.

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte ao único criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa) e que consta na Acta do órgano de asistencia de data 7 de abril de 2022, así como a proposta de adxudicación efectuada con data 27 de abril de 2022 polo órgano de asistencia a prol do licitador “Publiprinters Global, SL”, no prezo total ofertado de 813,38 euros sen IVE (984,19 euros co 21% de IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación que consta na Cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida. En concreto a documentación foi presentada pola empresa a través da Plataforma de Contratación do Sector Público con data 28 de abril de 2022.

Consta no expediente certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público con data 27/04/2022.

Da documentación presentada conclúese que a entidade adxudicataria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que conta con seguro de responsabilidade civil coas coberturas que establece a cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Tamén consta no expediente o informe da Tesourería Municipal de data 29/04/2022, acreditativo de que a empresa non ten obrigas pendentes de pagamento co Concello de Cambre nin á data final do prazo de presentación de ofertas nin na actualidade.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 2 de maio de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar, e máis o informe de fiscalización emitido polo interventor municipal con número JUA 194/2022 e data 7 de maio de 2022.

Á vista do establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada con data 7 de abril de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polos seguintes licitadores, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos C, subtitulados “Declaración responsable e oferta económica” coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, aportando a declaración responsable e a proposición conforme ás condicións e requisitos establecidos na Cláusula 14 e Anexos II e III do PCAP:

- Aleo Estudio Diseño y Comunicación, S.L.
- Imprimimos, S.L.
- Jesús de Torre Arrabal
- Junor SL
- Miguel Cerro Rico
- Nelvima Disseny, S.L.
- Publiprinters Global, S.L.
- Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas,S.A.U.
- Sgraf Artes Gráficas, S.L.
- Talleres Trébore, S.L.
- Tórculo Comunicación Gráfica S.A.
- Ártabra Comunicación, S.L.

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 7 de abril de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte valoración das ofertas admitidas por orde decrecente, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a **1.038,43 euros sen IVE**, atopándose en dito suposto as proposicións presentadas polos licitadores que se indican a continuación:

ORDE N	EMPRESA	PRECIO SIN IVA	IVA 21%	PRECIO CON IVA	PUNTUACIÓN	OFERTA ANORMALMENTE BAJA
1º	PUBLIPRINTERS GLOBAL S.L	813,38	170,81	984,19	100,00	SI
2ª	TORCULO COMUNICACIÓN GRAFICA S.A.	923,45	193,92	1.117,37	88,08	SI
3ª	JESUS DE TORRE ARRABAL	1.015,00	213,15	1.228,15	80,14	SI
4ª	JUNOR, SL.	1.194,00	250,74	1.444,74	68,12	NO
5ª	TALLERES TREBORE, S.L	1.290,00	270,90	1.560,90	63,05	NO
6ª	ÁRTABRA COMUNICACIÓN SL	1.440,00	302,40	1.742,40	56,48	NO
7ª	MIGUEL CERRO RICO	1.705,56	358,17	2.063,73	47,69	NO
8ª	NELVIMA DISSENY, S.L	1.725,00	362,25	2.087,25	47,15	NO
9ª	ALEO ESTUDIO DISEÑO Y COMUNICAC SL	1.750,00	367,50	2.117,50	46,48	NO
10ª	RECLAM PUBLIC, MARK Y ART GRAF.,S,A,U.	1.750,00	367,50	2.117,50	46,48	NO



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

11ª	SGRAF ARTES GRAFICAS SL	1.760,00	369,60	2.129,60	46,21	NO
12ª	IMPRIMIMOS S.L.	1.988,00	417,48	2.405,48	40,91	NO

Terceiro: Tendo en conta os acordos que constan na Acta do órgano de asistencia de data 27 de abril de 2022 declarar que a os licitadores “**Publprinters Global, S.L.**”, “**Tórculo Comunicación Gráfica S.A.**” e “**Jesús de Torre Arrabalde**”, xustificaron suficientemente as súas ofertas inicialmente incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, iso de conformidade co establecido na cláusula 15.2.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ao achegar documentación acreditativa dos prezos ofertados en función dos medios con que contan estes licitadores, iso tendo en conta o informe emitido pola axente de desenvolvemento local municipal con data 25 de abril de 2022.

Cuarto: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 27 de abril de 2022, adjudicar o contrato de “Deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022, con opción de prórroga para dous obradoiros máis (2022-2023 e 2023-24)” (exp. 2022/C004/00004) a favor da empresa “Publprinters Global, S.L.”, no prezo total ofertado para un ano de contrato de 813,38 euros sen IVE (984,19 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adjudicación que consta na cláusula 12 do PCAP, prezo ofertado á baixa, e ter xustificado debidamente a súa oferta inicialmente incursa en presunción de resultar anormalmente baixa; isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Quinto: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a sinatura da aceptación polo contratista adjudicatario do acordo de adjudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Sétimo: Designar como responsable do contrato á axente de desenvolvemento local municipal, dona Sonia Machín Herranz, a quen, de conformidade coa cláusula 17.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notificar os presentes acordos ao licitadores, publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 17.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese á responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000003, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno da Deputación Provincial, na sesión realizada o 27 de novembro de 2020, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, as cales foron publicadas no BOP núm. 205, do 1 de decembro de 2020. As bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

Con data do 7 de xaneiro de 2021 elabórase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, don Alejandro Peña López, nº colexiado 14.385 COICCP, o proxecto denominado "Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre", cun orzamento base de licitación de 29.518,95 € sen IVE (35.717,93 euros IVE incluído), que foi aprobado polo Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2021, acordando, así mesmo, a inclusión da obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial.

Na sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2021, o Pleno da Deputación Provincial aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", no marco das Bases reguladoras anteriormente citadas. Transcorrido o prazo de exposición e información pública sen que se presentasen reclamacións nin alegacións, o Plan quedou definitivamente aprobado, segundo consta na circular complementaria remitida pola Deputación Provincial o día 21 de xullo de 2021.

De conformidade co disposto na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", de data 2 de xullo de 2021, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 26 de febreiro de 2021, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 42, do 4 de marzo de 2021, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre.	35.717,93 €	0,00 €	35.717,93 €

Consta a acta de replanteo asinada polo redactor do proxecto, don Alejandro Peña López, e polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, con data 18 de agosto de 2021.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido, con data 20 de agosto de 2021, polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 23 de marzo de 2022 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 1532.61900 *Outros inves. reposic. infraestrut. Pavimentac. vías*, por importe de 35.717,93 euros.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de data 20 de abril de 2022, que contén, entre outros extremos: a proposta de procedemento, clasificación, xustificación de non división en lotes, criterios de adxudicación, orzamento e valor estimado do contrato, e medios persoais e materiais necesarios.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 4 de maio de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 9 de maio de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que o Concello pretende levar a cabo as actuacións e obras necesarias de remodelación da beirarrúa na marxe dereita da rúa Tapia, entre os números 19 e 23, para a recolocación da parada de bus do número 17, entre as rúas Ánxel Fole e Luis Seoane, que carece da lonxitude necesaria para que estacionen dous autobuses seguidos, ademais de renovar os pavimentos, ampliar a beirarrúa e dotar de novas plantacións ao tramo de actuación, cumprindo así coas competencias que ten atribuídas no artigo 25.2 d) e g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local [d) *Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade (...)*], así como cos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da LRBRL] e, polo tanto, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000003, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente a:

- | | |
|---------------------------------|---|
| - Obxecto do contrato: | “Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña |
| - Orzamento base de licitación: | 35.717,93 euros (IVE incluído) |
| - Valor estimado: | 29.518,95 euros |

- Prazo de execución: 3 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021), (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 35.717,93 € por conta da aplicación orzamentaria 1532.61900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o/a substitúa

O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López e, como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

Sexto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000005, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Reordenación da rúa María Mariño", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno da Deputación Provincial, na sesión realizada o 27 de novembro de 2020, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, as cales foron publicadas no BOP núm. 205, do 1 de decembro de 2020. As bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

O Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, e aprobar a inclusión no dito plan do proxecto denominado "Reordenación da r/María Mariño. Cambre", cun orzamento de 124.479,66 euros (IVE incluído).

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indicaban diversas incidencias que foron corrixidas polo seu redactor, con data 28 de abril de 2021.

O proxecto "Reordenación da r/María Mariño. Cambre" (Xaneiro 2021 – Corrixido abril 2021), elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, don Alejandro Peña López, nº colexiado 14.385 COICCP, cun orzamento base de licitación de 124.479,66 euros (IVE incluído), foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 29 de abril de 2021, e ratificado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 27 de maio de 2021.

Na sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2021, o Pleno da Deputación Provincial aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", no marco das Bases reguladoras anteriormente citadas. Transcorrido o prazo de exposición e información pública sen que se presentasen reclamacións nin alegacións, o Plan quedou definitivamente aprobado, segundo consta na circular complementaria remitida pola Deputación Provincial o día 21 de xullo de 2021.

De conformidade co disposto na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", de data 2 de xullo de 2021, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 26 de febreiro de 2021, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 42, do 4 de marzo de 2021, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Reordenación da rúa María Mariño. Cambre	124.479,66 €	0,00 €	124.479,66 €

Consta a acta de replanteo asinada polo redactor do proxecto, don Alejandro Peña López, e polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, con data 18 de agosto de 2021.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido, con data 16 de marzo de 2022, polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de data 16 de marzo de 2022, que contén, entre outros extremos: a proposta de procedemento, clasificación, xustificación de non división en lotes, criterios de adxudicación, orzamento e valor estimado do contrato, e medios persoais e materiais necesarios.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 23 de marzo de 2022 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 151.61900 *Outros inves. reposic. infraestrut. Urbanismo*, por importe de 124.479,66 euros.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 7 de maio de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 9 de maio de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que o concello pretende levar a cabo as actuacións e obras necesarias para a reordenación da rúa María Mariño, executando unha nova beirarrúa na marxe esquerda e unha nova praza ao final, na marxe dereita; executando unha nova canalización para futuras actuacións en materia de iluminación pública; recolocando puntos de luz; e subministrando novo mobiliario urbano e plantacións similares ás instaladas en actuacións recentes próximas, cumprindo así o concello coas competencias que lle atribúe o artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local [*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*], así como cos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a iluminación pública e a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da LRBRL] e, polo tanto, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000005, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente a:

- | | |
|---------------------------------|--|
| - Obxecto do contrato: | “Reordenación da rúa María Mariño”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS+ 2021 |
| - Orzamento base de licitación: | 124.479,66 euros (IVE incluído) |
| - Valor estimado: | 102.875,75 euros |
| - Prazo de execución: | 3 meses |

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021), (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 124.479,66 € por conta da aplicación orzamentaria 151.61900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o/a substitúa

O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López e, como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

Sexto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000004, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Reordenación da contorna do parque infantil da r/ Francisco Rodríguez", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno da Deputación Provincial, na sesión realizada o 27 de novembro de 2020, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2021, as cales foron publicadas no BOP núm. 205, do 1 de decembro de 2020. As bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

Con data do 7 de xaneiro de 2021 elabórase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, don Alejandro Peña López, nº colexiado 14.385 COICCP, o proxecto denominado “Reordenación da contorna do parque infantil da r/Francisco Rodríguez. Cambre”, cun orzamento base de licitación de 57.687,94 € sen IVE (69.802,41 euros IVE incluído), que foi aprobado polo Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2021, acordando, así mesmo, a inclusión da obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial.

Na sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2021, o Pleno da Deputación Provincial aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”, no marco das Bases reguladoras anteriormente citadas. Transcorrido o prazo de exposición e información pública sen que se presentasen reclamacións nin alegacións, o Plan quedou definitivamente aprobado, segundo consta na circular complementaria remitida pola Deputación Provincial o día 21 de xullo de 2021.

De conformidade co disposto na “Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”, de data 2 de xullo de 2021, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 26 de febreiro de 2021, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 42, do 4 de marzo de 2021, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Reord.contorna parq.infantil r/Francisco Rodríguez	69.802,41 €	0,00 €	69.802,41 €

Consta a acta de replanteo asinada polo redactor do proxecto, don Alejandro Peña López, e polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, con data 18 de agosto de 2021.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido, con data 29 de marzo de 2022, polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 23 de marzo de 2022 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 151.60900 *Outras inversións novas infraestrutura Urbana*, por importe de 69.802,41 euros.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de data 29 de marzo de 2022, que contén, entre outros extremos: a proposta de procedemento, clasificación, xustificación de non división en lotes, criterios de adxudicación, orzamento e valor estimado do contrato, e medios persoais e materiais necesarios.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 8 de maio de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 9 de maio de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que o concello pretende levar a cabo as actuacións e obras necesarias para a renovación do pavimento da calzada e beirarrúas da contorna do parque infantil da r/Francisco Rodríguez, no Temple (Cambre) e, como complemento, executar a renovación da rede de iluminación pública e levar a cabo a actualización da rede de pluviais á nova xeometría proxectada, así como a instalación de nova sinalización horizontal e vertical, mobiliario urbano e plantacións, cumprindo así o concello coas competencias que lle atribúe o artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local [d) *Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*], así como cos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a iluminación pública, rede de sumidoiros e a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da LRBRL] e, polo tanto, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000004, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente a:

- Obxecto do contrato: *“Reordenación da contorna do parque infantil da r/ Francisco Rodríguez”*, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS+ 2021
- Orzamento base de licitación: 69.802,41 euros (IVE incluído)
- Valor estimado: 57.687,94 euros
- Prazo de execución: 2 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021), (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 69.802,41 € por conta da aplicación orzamentaria 151.60900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o/a substitúa

O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López e, como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000002, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da Estrada Cambre-Temple e rúa Carballo", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno da Deputación Provincial, na sesión realizada o 27 de novembro de 2020, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, as cales foron publicadas no BOP núm. 205, do 1 de decembro de 2020. As bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

O Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, e aprobar a inclusión no dito plan do proxecto denominado "Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo. Cambre", cun orzamento de 40.000,00 euros (IVE incluído).

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indicaban diversas incidencias que foron corrixidas polo técnico redactor, don David Sarmiento Nogueira, e supervisadas polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 28 de abril de 2021. O proxecto corrixido foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 29 de abril de 2021.

Con data 5 de maio de 2021 recibíuse un novo requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto revisado presentado, polo que o dito proxecto foi novamente corrixido polo técnico redactor, con data 11 de maio de 2021, e supervisado polo arquitecto municipal, segundo informe de data 12 de maio de 2021.

O proxecto denominado "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da AC-214 e rúa Carballo. 15660 Cambre" (Documentación Adicional/Emenda – Xaneiro 2021 – Corrección abril 2021), elaborado polo arquitecto Colexiado núm. 2833, don David Sarmiento Nogueira, cun orzamento base de licitación de 40.000,00 euros (IVE incluído), foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 29 de abril de 2021, e ratificado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 27 de maio de 2021.

Na sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2021, o Pleno da Deputación Provincial aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", no marco das Bases reguladoras anteriormente citadas. Transcorrido o prazo de exposición e información pública sen que se presentasen reclamacións nin alegacións, o Plan quedou definitivamente aprobado, segundo consta na circular complementaria remitida pola Deputación Provincial o día 21 de xullo de 2021.

De conformidade co disposto na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", de data 2 de xullo de 2021, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 26 de febreiro de 2021, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 42, do 4 de marzo de 2021, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Acces. e segur. beirarrúas rúa Cambre-Temple e ou.	40.000,00 €	0,00 €	40.00

Consta a acta de replanteo asinada polo redactor do proxecto, don Alejandro Peña López, e polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, con data 18 de agosto de 2021.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido, con data 4 de novembro de 2021, polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de data 16 de marzo de 2022, que contén, entre outros extremos: a proposta de procedemento, clasificación, xustificación de non división en lotes, criterios de adxudicación, orzamento e valor estimado do contrato, e medios persoais e materiais necesarios.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 23 de marzo de 2022 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 1532.61900 *Outros inves. reposic. infraestrut. Pavimentac. vías*, por importe de 40.000,00 euros.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 8 de maio de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 9 de maio de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que o concello pretende levar a cabo as actuacións e obras necesarias para a mellora da accesibilidade e seguridade peonil, coa eliminación de barreiras arquitectónicas e dotando ao ámbito definido polas beirarrúas da AC-214 e rúa Carballo dunha continuidade espacial no tránsito peonil, dende a praza recentemente creada na contorna da rúa Balado ata a existente praza Dr. Enrique Piñeiro Rodríguez, cumprindo así o concello coas competencias que lle atribúe o artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local *[d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade]*, así como cos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopa a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da LRBRL] e, polo tanto, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000002, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente a:

- | | |
|---------------------------------|--|
| - Obxecto do contrato: | <i>"Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da Estrada Cambre-Temple e rúa Carballo"</i> , obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS+ 2021 |
| - Orzamento base de licitación: | 40.000,00 euros (IVE incluído) |
| - Valor estimado: | 33.057,85 euros |
| - Prazo de execución: | 3 meses |

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial

en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021), (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 40.000,00 € por conta da aplicación orzamentaria 1532.61900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o/a substitúa

O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López e, como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

Sexto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

F.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000007, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Reforma integral da praza Fernando Buesa", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial (1^a Fase)

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno da Deputación Provincial, na sesión realizada o 27 de novembro de 2020, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de

concellos) POS+ 2021, as cales foron publicadas no BOP núm. 205, do 1 de decembro de 2020. As bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

O Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, e dentro del, aprobar o Plan Complementario do ano 2021, no que se incluíu como investimento financeiramente sostible o proxecto redactado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, denominado "Reforma integral da praza Fernando Buesa-O Temple", cun orzamento de 300.000 euros.

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indicaban diversas incidencias que foron corrixidas polo arquitecto municipal, con data 28 de abril de 2021.

O proxecto "Reforma integral da praza Fernando Buesa-O Temple" (Decembro de 2020 – Segunda corrección maio 2021), elaborado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento base de licitación de 300.000,00 euros (IVE incluído), foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 29 de abril de 2021, e ratificado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 27 de maio de 2021.

De conformidade co disposto na Circular da Deputación Provincial da Coruña recibida o 17 de xuño de 2021, o señor alcalde, por Resolución núm. 1119/2021, do 5 de xullo, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, por maior achega provincial (1ª fase), confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao Concello de Cambre (423.765,60 euros) ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario do POS+ 2021, entre os que se atopaba a "Reforma integral da praza Fernando Buesa - Cambre".

Con data 27 de xullo de 2021 recibíuse a Circular sobre a aprobación do POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial (1ª fase), no que se incluíu esta obra co seguinte financiamento:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Reforma integral da praza Fernando Buesa. Cambre	274.943,15 €	25.056,85 €	300.000,00 €

De conformidade co disposto na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", de data 2 de xullo de 2021, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 26 de febreiro de 2021, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 42, do 4 de marzo de 2021, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 23 de marzo de 2022 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 151.61900 *Outros inves. reposic. infraestrut. Urbanismo*, por importe de 300.000,00 euros.

Consta a acta de replanteo asinada polo redactor do proxecto, o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, con data 24 de marzo de 2022.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido, con data 24 de marzo de 2022, polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de data 24 de marzo de 2022, que contén, entre outros extremos: a proposta de procedemento, clasificación, xustificación de non división en lotes, criterios de adxudicación, orzamento e valor estimado do contrato, e medios persoais e materiais necesarios.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 6 de maio de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 9 de maio de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que o Concello pretende levar a cabo as actuacións e obras necesarias para reformar de forma integral o parque urbano que se sitúa na praza Fernando Buesa, co fin de reordenala e mellorar os distintos espazos existentes, incorporando novas zonas e equipamentos, para o ocio e desfrute dos usuarios, cumprindo así cos servizos mínimos esixidos aos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, entre os que se atopan os relativos a parques públicos [artigo 26.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local] e, polo tanto, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000007, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente a:

- | | |
|---------------------------------|---|
| - Obxecto do contrato: | “Reforma integral da praza Fernando Buesa”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS+ Adicional 2/2021, por maior achega provincial (1ª fase) |
| - Orzamento base de licitación: | 300.000,00 euros (IVE incluído) |
| - Valor estimado: | 247.933,88 euros |
| - Prazo de execución: | 5 meses |

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021), (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 300.000,00 € por conta da aplicación orzamentaria 151.61900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o/a substitúa

O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López e, como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

Sexto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López